



MARÍA CONCEPCIÓN LOSADA

MANUEL VILAR ÁLVAREZ

VÁZQUEZ

Coucieiro, Muxía, 1956

Ourense, 1960

Doutora en Medicina pola Universidade de Santiago de Compostela, na que é profesora titular de Psicobioloxía. Patroa do Museo do Pobo Galego, vogal da súa Xunta Reitora e membro do Instituto de Estudos das Identidades.

Desde o ano 2007 é responsable do APOI, dirixindo a arquitectura da aplicación informática que o sustenta.

Licenciado en Xeografía e Historia pola USC. Realizou cursos de doutoramento en Antropoloxía e un mestrado en Xestión de Bens Culturais e Patrimonio. É autor de numerosos traballos relacionados co patrimonio etnográfico, os museos, os rituais e o Camiño de Santiago, publicados en revistas especializadas e actas de congresos.

Patrón do Museo do Pobo Galego, é membro do Instituto de Estudos das Identidades.

◊ Arquivo
do Patrimonio ◊ Oral
da Identidade (APOI)
do Museo do Pobo Galego
está na rede en
<http://apoi.museodopobo.gal/>

María Concepción Losada Vázquez
Manuel Vilar Álvarez

Se a historia foi primeiro oral, por que lle dimos tan pouco valor documental á palabra falada? A pesar da importancia da palabra falada, da oralidade como forma normal de expresármonos e comunicármonos, a escrita tivo sempre un status como de máis importante, como de máis serio e máis científico. Sen embargo foi a tradición oral a que nos transmitiu saberes e experiencias, foi esa tradición a que conformou ao longo do tempo a vida das persoas. Esa transmisión non estaba reflectida nas investigacións das ciencias sociais e académicas e quedou reservada para eruditos locais ou amadores do estudo dos costumes e da historia local, sempre como algo de menor nivel, de categoría inferior.

Houbo que agardar até a segunda metade do século XX para que a historia oral se desenvolvera con inde-

pendencia, os estudos de antropoloxía se consolidaran e a fonte oral adquirira categoría de seriedade e status científico. Puido así entrar definitivamente na academia, ser un elemento serio para as ciencias sociais e ter tamén un papel de activación patrimonial.

A oralidade é fundamental para manter viva unha cultura e unha memoria colectiva, porque a vida das persoas, en tanto individuos e membros dunha comunidade, constrúese tamén sobre unha tradición oral. Esta trae normas e costumes que moldean e conforman as súas vidas. Estas normas insírense nunha tradición que transmite seguridade e apego a un lugar, fainos dun sitio, dános estabilidade. Todo isto non quere dicir que a tradición nos amarre a unha realidade inmodificable, que nos obrigue a mirar só para atrás, senón que é o apoio preciso

desde o que outear con seguridade o futuro.

Nos países onde a súa cultura era subalterna ou dominada por outra foránea, foi na tradición oral onde se gardaron e transmitiron as historias colectivas. Iso tamén o sabía a xente da xeración Nós, especialmente os que se dedicaron ao estudo da etnografía. Sabían da necesidade da recollida dos datos etnográficos para con eles poder construír toda unha teoría cultural, como tamén eran sabedores de que os datos que perduran no tempo falan da continuidade dunha cultura e posibilitan mecanismos para as transformacións sociais, ou para que estas non sexan tan traumáticas.

Arquivar e estudar a memoria oral foi un labor que tivo unha grande importancia en países como Irlanda ou



Finlandia, pero tamén noutros como nos Estados Unidos de América. Nos primeiros casos entendíase a salvagarda da oralidade como un labor de recuperación da propia historia, como un xeito de estudar o pasado coa axuda da historia oral, e o pasado explórase para construír o futuro. A historia destes países se dicía que non estaba escrita por eles, que estaba gardada nas voces das xentes e transmitida oralmente. Darlle voz á voz das xentes era avivar os materiais documentais que fixesen posible escribir a propia historia.

Hai corenta anos que o Museo do Pobo Galego (MPG) abriu as súas portas ao público. O Museo nace dunha tradición ancorada na redescuberta dun patrimonio cultural que fora ocultado e menosprezado. Ese patrimonio, froito dun longo proceso histórico, tiña que servir para asentar as identidades e para contribuír a sermos unha sociedade moderna e actualizada. Neste sentido, o MPG é un intento de crear unha institución que servira para a sociedade civil do presente, e nesa sociedade moderna ten que haber un lugar para a tradición, e para a tradición oral.

O MPG é herdeiro dun legado que ten o seu fito máis relevante no Seminario

de Estudos Galegos (SEG). O MPG bebeu do seu discurso e acolleu algúns dos materiais salvados da desfeita que enterrou esa institución cultural e civil, pero tamén goreceu vellos membros do SEG, como Xaquín Lorenzo ou Antonio Fraguas. O MPG herda esa tradición de afondar no estudo da cultura, e non só da chamada material, senón tamén de salvagardar a palabra sobre a que se constrúe a cultura. Todo dentro dunha preocupación por estudala e sistematizala, unha preocupación por coñecer máis sobre nós e o noso lugar no mundo, todo para escribir a historia da autoestima.

No ano 2005 créase, no seo do Padroado do Museo do Pobo Galego, o Instituto de Estudos das Identidades, concibido como un medio para investigar e potenciar o patrimonio material e inmaterial da sociedade. Neste cadro enxértase o Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI), que naceu para documentar, salvagardar e difundir o patrimonio oral dos galegos e galegas. O Museo do Pobo Galego puxo en marcha no ano 2007 un proxecto de recuperación, catalogación e dixitalización dos fondos sonoros que estaban depositados no Museo. A este programa chamámoslle Sons e Voces da Identidade.

Mais o APOI recibiu un grande impulso grazas á achega do arquivo de Xosé Luís Rivas, "Mini" e Baldomero Iglesias, "Mero", dous personaxes claves na recollida e divulgación da música popular. Eles fixeron un intenso traballo de compilación de voces, cantigas e ditos que foron gravando ao longo do último terzo do século pasado. Eles, conscientes de que ese fondo tiña que estar nunha institución con carácter de servizo público, depositaron no Museo do Pobo Galego un bo feixe de vellas cintas de case-te. Ese depósito obrigounos a organizar unha ferramenta para darlle unha resposta axeitada e útil, que ese material de gran valor documental e, tamén, emotivo e sentimental, fose accesible e prestase un servizo á sociedade. Esa ferramenta tiña que posibilitar o libre acceso á información, un dereito democrático básico.

En 2007 creouse a primeira base de datos para dar cabida aos fondos dixitalizados e, logo de editalos e estudalos, publicalos para poñelos a disposición do público na rede. Despois da achega inicial de Mini e Mero, foron vindo outros depósitos, todos eles cun gran peso da tradición musical. O máis recente, o arquivo de Dorothé Schubarth e Antón Santamarina, sen dúbida a sistematización máis importante da nosa tradición oral desde o Cancioneiro de Martínez Torner e Bal y Gay.

Pero a oralidade vai máis alá da voz falada ou cantada, dos ditos, refráns, adiviñas, poesía popular, contos e lendas. Tamén entran neste campo as memorias autobiográficas e os testemuños orais de toda clase de actividades, saberes e vivencias. Por iso quixemos, tiñamos que facelo, ampliar o campo de actuación. Estabamos así tamén indo coas novas tendencias

sobre o chamado patrimonio inmaterial, algo que a UNESCO concretou aínda no ano 2003¹. Nesa definición faise referencia aos usos, ás representacións, expresións, coñecementos e técnicas que as comunidades recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural.

Todos estes elementos deron lugar a unha tradición, a un sistema cultural. Por iso era unha obriga documentar os usos e costumes, os xeitos de traballar, pero tamén a vida dos galegos e galegas, dos seus traballos no día a día, das súas alegrías e festas, penas e sufrimentos, dos que tiveron que emigrar ou dos que quedaron. Todo isto conforma o patrimonio oral e inmaterial de Galicia e todo iso ten que estar no APOI e temos a intención de que estea. Por iso desde o Instituto de Estudos das Identidades do MPG se programou unha recollida de documentación oral, sempre tendo en conta as nosas limitadas posibilidades. Así diriximos os nosos pasos cara a feitos e actividades das que non tiñamos material recollido, dando tamén entrada á imaxe, ben á fotográfica, ben ás gravacións en vídeo. As festas do Entroido, as de mouros e cristiáns, romarías, pero tamén historias de vida, foron e son obxecto da nosa atención.

Está no noso ánimo que todo o fondo oral do que dispoñemos estea a disposición da sociedade, e nese camiño traballamos, e facéndoo dentro das nosas posibilidades, que non son as que nos gustaría que foran ou as que sería necesario dedicar, pero que son as que temos. Neste sentido desde 2017 contamos cunha base de datos complexa coa intención de facilitar o acceso en rede

aos fondos. Pretendemos que os fondos orais acaben sendo unha ferramenta básica para os estudosos da nosa historia e etnografía, e asema de unha ferramenta útil para o común da cidadanía, sexa cal for o seu interese.

Poderíamos resumir que o APOI ten como principais tarefas as de recollida, documentación e rexistro, difusión e salvagarda do patrimonio oral e musical tradicional de Galicia. Pero para todo cumprir eses obxectivos fai falta investigación, e a investigación tamén posibilitaría o incremento dos fondos. E para que todo isto sexa unha realidade que vaia máis alá dos bos desexos, precisamos que a cidadanía responda ás nosas inxerencias e faga uso do APOI e nos axude a acrecentalo e a mantelo vivo.

Como traballamos no APOI

Cando o Museo do Pobo Galego recibe unha doazón de gravacións de patrimonio oral e/ou musical, despois de facer o inventario e cumprimentar o procedemento de recepción, fai pasar o material ao APOI.

O traballo do APOI comeza por documentar e dixitalizar as gravacións orixinais en casetes ou cintas magnéticas que, pasados os anos, sofren un proceso de deterioro que as leva irremisiblemente á destrución. Dixitalizalas é, a día de hoxe, a opción máis segura para conservalas e difundilas. Documentalas é imprescindible para poder atribuírlles os datos asociados (saber de quen son, onde foron gravadas, que tipo de cousas conteñen as cintas...).

As máis das veces, as doazóns chegan como grandes caixas de casetes ou cintas de distintos formatos con pequenas etiquetas que nos din todo o que saberemos do que teñen dentro e que son moi valiosas para nós. Son o primeiro que inventariamos.

Se vostede que le estas follas fixo gravacións noutro tempo e quere albergalas hoxe nun repositorio dixital, coide estas caixiñas, copie todos os datos, rescate os cadernos de notas de campo que teña e ordene o que atope. Será extraordinariamente valioso para quen as vaia dixitalizar e indexar. Pero lembre non tratar de escoitar as cintas para saber que contiñan: pode estragalas para sempre. Os datos que estean na gravación hanse recoller cando se teña dixitalizada e non antes.



A dixitalización que facemos no APOI é profesional. Moitas veces o material orixinal é tan fráxil que non podemos arriscar a pasalo por un lector de casetes para non quedar sen el. O enxeñeiro de son libera a cinta magnetofónica da casete e emprega soportes para lela que aseguran unha presión uniforme sobre o material e minimizan os desastres. Tamén asegura unha primeira copia fidedigna da gravación completa tal cal estaba, nun formato de alta calidade que logo poderá ser editado e transformado se se precisa.

1. Convención da Unesco para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial. Ver o sitio <http://www.unesco.org/culture/ich/index.php?lg=es&pg=00001>

Relación de pezas (CD/DVD)	Data de gravación	MEMORIA DE GRABACIÓN DO SONIDO DOCUMENTAL	Formato de saída	Outro título de saída	Outro formato de saída	MEMORIA DE SAÍDA	Data de saída	Completado	Local de saída	Estado	Observación	Outro
AGG004	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG005	1980	PARQUE DE BARRIO DE BARRIO 1980	MEMO 2									
AGG006	1980	PARQUE DE BARRIO DE BARRIO 1980	MEMO 2									
AGG007	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG008	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG009	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG010	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG011	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG012	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG013	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG014	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG015	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG016	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG017	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG018	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG019	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG020	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG021	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG022	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG023	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG024	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG025	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG026	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG027	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG028	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG029	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG030	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG031	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG032	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG033	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG034	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG035	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG036	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG037	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG038	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG039	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG040	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG041	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG042	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG043	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG044	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG045	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG046	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG047	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG048	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG049	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									
AGG050	1980	COMPLEANÇOES FLORA MACEA 1-1-1980	MEMO 2									



O seguinte paso é editar as gravacións. Normalmente nunha cinta gravada quedaron rexistros de moitas pezas e mesmo de sesións diferentes de recolla mesturadas. Cando se edita o contido dunha cinta xa dixitalizada, sempre coa dirección/supervisión do compilador se é posible, identifícanse, córtanse e sepáranse estes contidos diferentes e mesmo se separan tamén os tempos mortos intermedios, os contidos inoportunos ou os que se escoitan mal. Nada disto se elimina. Os novos arquivos cortados procedentes dunha cinta continua identifícanse e nómanse polo momento (tempo) en que se atopaban na gravación orixinal de modo que, ordenados e xuntos, deben compoñer a cinta completa. Logo xa se decidirá cales deses cortes serven e se van ser incorporados á base de datos, pero nunca se sabe o que vamos precisar no futuro e mesmo se teremos que botar man do que nun primeiro momento semellaba sen valor.

Unha vez editada unha cinta, ou outro soporte orixinal, créase a listaxe de cortes que contén e xúntase cada un deles cos datos documentais de que se dispón (os que figuraban na caixa, os que quedaron gravados de viva voz na propia cinta, os que tiña anotados o compilador ou os que este mesmo lembra ou recoñece de cando fixo o traballo de campo). Esta conxunción de son e datos é esencial para darlle todo o valor de contexto cultural que o rexistro sonoro debe ter. Esta parte do traballo vén ser a máis laboriosa e difícil. O tempo pasa voando, os datos non anotados perdéronse, as persoas participantes, ao mellor, xa non están. Parece obvio que non habería que insistir nestas cousas básicas, pero pensamos que repetilo pode axudar a transformar os traballos de recolla do futuro e ben paga a pena facelo por iso.

Cando xa temos as pezas limpas e os seus datos de recolla asociados, introducímolos nunha base de datos local (tipo excel) para completalos e ir solicitando os estudos técnicos precisos en cada caso.

The image shows a screenshot of a Microsoft Excel spreadsheet. The spreadsheet contains a large table with many columns and rows. The columns are labeled with various fields, and the rows contain data entries. The interface includes the standard Excel menu bar and toolbar at the top, and the Windows taskbar at the bottom.

Nós creamos unha ampla base de datos que permitise albergar as gravacións sonoras asociadas a un gran número de entradas. Isto dá oportunidade aos usuarios de atopar as pezas buscando con diversos criterios habituais (por data ou por localidade de gravación, por exemplo) e mesmo empregar criterios de busca non habituais (por criterios musicais como ritmos ou segundo o uso ou ocasión en que se cantaban certas pezas). Partimos da convicción de que os fenómenos culturais son altamente interdependentes e as súas manifestacións non poden, senón artificialmente, subdividirse de modo estrito.

Con todo, sabemos que certos campos quedarán baleiros. En moitos casos eses datos perdéronse e non poderemos atopalos mais. Nalgúns casos, os datos que hoxe faltan poderían aínda completarse ou investigarse especificamente, e poderíamos incorporalos entón á base de datos, que é aberta.

Desde o inicio do proxecto APOI pretendemos sempre dotar os rexistros

de son das correspondentes transcricións no momento de incorporalos ao arquivo. A día de hoxe dispoñemos de transcricións dunha parte dos arquivos procesados. A transcripción de música e letra dunha cantiga, do texto dunha entrevista ou dunha representación de teatro popular e a caracterización e estudo musical e/ou etnográfico de cada peza incorpora un importante valor engadido ao arquivo e, en último termo, é a que fai posible a indexación e busca con criterios musicais ou etnográficos especializados.

Este labor, complexo, impón un ritmo un tanto lento, proporcional á dedicación de recursos humanos cualificados, que demora a posta a disposición de cada nova entrada do arquivo. Pero optamos decididamente por ela e pensamos que facelo así mantén os estándares de calidade que nos propuxemos nun principio. Até o momento, Sergio de la Ossa fíxose cargo da práctica totalidade das transcricións de música e, no seu caso, letra dos arquivos musicais do

APOI, e das catalogacións e caracterizacións musicais que as acompañan. Por outra parte, todos os compiladores das gravacións non musicais fixeron as transcricións e estudos etnográficos dos rexistros que eles mesmos recolleron.

Sendo as gravacións orixinais o material de partida para o traballo elaborado posterior, consideramos esencial facer constar explicitamente entre os datos do arquivo o tipo de soporte que se manexara na recollida orixinal e o intervalo temporal transcorrido. Do mesmo modo, constan os procedementos de dixitalización a que foi sometido, a nova denominación do arquivo máster dixitalizado que queda no Museo, a do soporte orixinal (que por veces resulta deteriorado ou mesmo se destrúe, pese ao coidado na manipulación tendente á súa dixitalización) e os comentarios que os técnicos de son teñan a ben facer sobre o curso e resultados do delicado proceso. Tamén nesta fase o traballo debe ser asinado polo profesional que o rea-

liza, e así se fai constar para cada peza.

Por fin, decidimos incorporar tamén entradas para referenciar outros traballos teóricos ou documentos que poidamos coñecer con relación a unha peza. Non parece doado que fóra das especificacións de estudo musical ou lingüístico que están xa incorporadas nas correspondentes entradas, poidan atoparse moitos estudos en relación cunha peza concreta, pero caso de se daren quedan consignados.

O APOI na rede

A medida que os rexistros van sendo completados e estudados na nosa base de datos local ímolos incorporando ao noso repositorio en rede. Convidámolo encarecidamente a visitalo.

O acceso ao sitio <http://apoi.museo-dopobo.gal/> é directo, libre e gratuíto. Está albergado no mesmo sitio do portal web do Museo, dado que a sede física do arquivo está na sede

da institución e a tramitación administrativa, custodia e conservación dos seus fondos lle corresponde.

Tentamos que o sitio fose doado de empregar de modo intuitivo, limpo e sinxelo. Na entrada temos unhas poucas instrucións básicas e os puntos de acceso para as buscas.

Sempre se pode buscar de modo sinxelo escribindo o nome do que queremos como texto libre. O programa daranos como resultado a listaxe de todas as pezas que atope que teñan nalgún texto relacionado con elas a palabra que buscamos. Na mesma listaxe de pezas podemos premer para escoitar a gravación e ler todos os datos asociados que teña.

Tamén se pode buscar por campos temáticos, palabras chave e outras características que se indican na pestana **buscar**.

A función **explorar** permítenos ir coñecendo o contido do arquivo navegando polas súas distintas opcións.

Temos pestana de información complementaria que inclúe guías de axu-

da para o uso e datos das persoas (informantes, compiladores, técnicos) que fan posible o proxecto.

A finalidade da busca sempre será atopar os sons orixinais, escoitalos (velos se dispoñen de soporte audiovisual) e coñecer as súas características no contexto da cultura de Galicia. E aprender, ensinar con eles,... en definitiva, gozar deles.

Para garantir a publicidade dos datos do arquivo sen renunciar a protexer a súa autoría adherimos o noso web ao sistema de protección da propiedade intelectual *Creative Commons* na súa modalidade de libre uso non comercial. Este rexistro garante a publicidade e libre uso persoal dos datos ofrecidos no web sempre que se cite a referencia da procedencia, mentres que non permite o uso comercial nin a obtención de ganancias sen permiso expreso do propietario do arquivo.

En todo caso, as gravacións e datos orixinais do arquivo pódense consultar directamente no Museo do Pobo Galego, onde son custodiadas e conservadas.



O Taxal, Sabucedo - Porqueira, ca. 1979

Informante: Corona

Compilador: Francisco Rodríguez

Colección de Baldomero Iglesias

Transcripción: Sergio de la Ossa (2008-10-03)

1 (1) 1 1 VII-4 8.8.8.8.

Ritmo ♩ = ca. 100

1. Hei - che d'ir á túa sei - tu - ra

hei - che de ir á túa se - gha - da;

hei - che d'ir á túa sei - tu - ra

ai - qu' a miña vai - a - ca - ba - da

1. Hei - che d'ir á túa sei - tu - ra
 hei - che d'ir á túa seghada
 hei - che d'ir á túa sei - tu - ra
 ai qu' a miña vai - a - ca - ba - da.

Máis referencias sobre o APOI

FERNÁNDEZ CERVIÑO, M^o. X.; LOSADA VÁZQUEZ, M^o. C.: "Sons e voces da identidade. Un proxecto de dixitalización, catalogación estudo e difusión do patrimonio oral". En: *Actas da Conferencia Internacional de Tradición Oral. Oralidade e Patrimonio Cultural*. Vol II. Novembro de 2010. Ourense: Concello de Ourense.

GONZÁLEZ REBOREDO, X. M.; LOSADA VÁZQUEZ, M^o. C. (2009): "O proxecto sons e voces da identidade (Instituto de Estudos das Identidades do Museo do Pobo Galego)". En: *Actas do II Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego*. Abril de 2008. Ourense: Deputación Provincial de Ourense.